18 maio 2021

CIG Confederación Intersindical Galega ENSINO

informa licenzas formación 2021/22

www.cig-ensino.gal

A convocatoria de licenzas de formación para o curso 2020/21 ten como novidades:

- **O profesorado que non puido levar a cabo a súa licenza no curso 2019/20** pola situación derivada da COVID-19 (agás as de perfeccionamento de linguas estranxeiras no exterior) poderá facelo nesta convocatoria, cubrindo tan só o ANEXO II e indicando as datas que solicita, sen necesidade de pasar de novo polo proceso de adxudicación. Porén, a Consellaría non permite a esas persoas optar a outra licenza propia da convocatoria deste ano se optan pola do ano pasado.
- Nesta convocatoria **non haberá** modalidade de **perfeccionamento de linguas estranxeiras no exterior** pola situación sanitaria.
- Aparece unha nova modalidade para a elaboración de **materias curriculares para os cursos de especialización de FP** dirixida a docentes que vaian impartir docencia en módulos destes cursos no curso 2021/22.
- Elimínase a preinscrición e as solicitudes e documentación deberán presentarse exclusivamente na **sede electrónica**.
- Incorporan unha demanda da CIG-Ensino de convocatorias anteriores nos requisitos dos proxectos: integrar a **perspectiva de xénero** co fin de producir materiais curriculares plenamente coeducativos e empregar **linguaxe non sexista e inclusiva**.
- **Na modalidade 1 cambian prioridades e requisitos**: aquelas materias con menor material no repositorio Abalar, con visionado obrigatorio a través de calquera dispositivo pasa a ser obrigatorio e con dúas submodalidades: material inédito e revisado. Engádese que as persoas que se acollan deben contar coa competencia necesaria no manexo de ferramentas e aplicacións
- Na **modalidade 2** tamén terán prioridade os contidos dos que non se dispoña de material no repositorio Abalar.

As licenzas de formación manteñen en liñas xerais a mesma estrutura destes últimos anos, centrada en satisfacer as necesidades da Consellaría, que no referido a elaboración de materias curriculares entendemos que é moi importante, mais sen atender demandas da CIG-Ensino como:

- **Incrementar as licenzas por formación nas modalidades ofertadas.** Mantense o mesmo orzamento para as licenzas, cun máximo de **500 meses para uns 32.000 docentes.** Entendemos que, como mínimo, debería duplicarse o investimento nas licenzas e con máis modalidades. O único cambio nesta convocatoria vén pola redistribución dos “200 meses” de formación en linguas estranxeiras para as modalidades 1, 2 e 5. Hai que ter en conta que o ano pasado non se executou unha boa parte do orzamento para as licenzas pola situación derivada da pandemia.
- A recuperación de **cursos** ou cando menos semestres **sabáticos** para realización de teses e mestrados ou para remate de graos.
- As **licenzas sen retribución**, cunha duración mínima dun semestre e máxima dun curso escolar.
- Fixar como un elemento central a **normalización lingüística**, indicando que todos os materias, incluído o **proxecto**, se deberán presentar, cando menos, **en galego** e incorporando unha **modalidade específica para elaborar materiais e propostas de normalización** e dinamización da lingua galega. O galego precisa dunha maior implicación por parte da Consellaría que non se ve por ningures.

- **Incremento da duración das diferentes modalidades**, especialmente a mínima de 1 mes, totalmente insuficiente. No caso dos grupos, deberíanse sumar as horas de cada unha das persoas, elevando o máximo a 9 meses na modalidade 2, igualándoa coa 3.

ARTICULADO

- **Artigo 1**. **Eliminar a prelación que se fai entre funcionariado de carreira e interino,** dándolle o mesmo trato a todo o profesorado que vaia ter destino durante todo o curso escolar, podendo optar nas mesmas condicións ás licenzas. En todo caso, reclamamos que, como mínimo, se eliminen as referencias a persoal interino nas modalidades de grupo, xa que tal e como está redactado, a presenza no grupo dunha persoa interina é un factor de penalización.
- **Artigo 2.** Existe unha clara **discriminación lingüística na elaboración de materias curriculares para FP**, para os que só existen modalidade de materiais plurilingües e non na nosa lingua, cando é precisamente na FP onde temos unha das maiores carencias de materiais en galego. Demandamos modalidades específicas para materias de FP en galego.
- Na **modalidade 5 (creación de cursos non presenciais)** solicitamos que haxa exención total ou cando menos parcial de docencia durante a pilotaxe e titorización do curso creado.
- Non entendemos que a concesión da licenza da **modalidade 5** quede supeditada á avaliación positiva da formación específica sobre o deseño e creación dun curso na Rede en Platega, cando para a elaboración do proxecto se esixe a entrega dun módulo completo elaborado, o que xa de por si debe demostrar competencia suficiente.
- **Artigo 6. A comisión de selección** ten un marcado carácter político e nela debe ter un maior peso o profesorado, ben por sorteo xeral ou entre docentes con experiencia nas diferentes modalidades.
- **Reunións das subcomisións.** Tal e como recolle a convocatoria os sindicatos podemos asistir a estas reunións. Nestes últimos anos temos presentado queixas por non termos sido convocados.
- **Artigo 7.** Nos criterios de desempate consideramos que se deberían priorizar os servizos docentes en primeiro lugar, logo a formación e por último o proxecto, xa que a maior discrecionalidade deste apartado xa se dá ao outorgarlle a puntuación inicial, polo que o desempate debe darse por cuestións obxectivas.
- **Pedimos explicacións pola intención da Disposición Adicional 2ª**, xa que parece derivarse dela que algunhas accións formativas que non teñen nada a ver coas modalidades desta convocatoria se poderían adxudicar dentro das prazas ofertadas, co que aínda se reduciría máis a oferta de licenzas.

BAREMO

- O baremo **cambia lixeiramente** ao respecto de anos anteriores.
- O **proxecto** debe baixar a 10 puntos e ser necesario acadar 4 puntos e non 8 para acceder á licenza.
- Nos **servizos docentes** débese incrementar a puntuación de 10 a 15 puntos.
- En **formación** débese incrementar de 6 a 8 puntos (3 por recibida e 5 por coordinación ou impartición) e que se puntúe 0,2 puntos por cada 10 horas de formación impartida (en vez de 0,10).

A Consellaría de Educación desatendeu todas as propostas formuladas pola CIG-Ensino e só de mostrou disposta a revisar dous temas:

- **Revisar a posibilidade de mudar a redacción no que garda referencia aos grupos.**
- **Contrastar a redacción da disposición adicional 2ª xa que non puideron xustificar a necesidade de mantela ou retirala.**